

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG10I22F	CON/54/2016	25-11-16 13:06

Número 85 .- Proposta da alcaldía relativa á adxudicación das instalacións eléctricas temporais para alumeados festivos das rúas, prazas e espazos públicos do Casco Histórico do Ensanche e das parroquias de Santiago de Compostela durante as festas de Nadal 2016.

Destinatario

15078DCMG10I22FD



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 25 de novembro de 2016, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 85 .- PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DAS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS TEMPORAIS PARA ALUMEADOS FESTIVOS DAS RÚAS, PRAZAS E ESPAZOS PÚBLICOS DO CASCO HISTÓRICO DO ENSANCHE E DAS PARROQUIAS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DURANTE AS FESTAS DE NADAL 2016.

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta da alcaldía, de data 24 de novembro de 2016; así como do informe con observacións de Intervención, nº 2016/759 da mesma data.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"Martíño Noriega Sánchez, Alcalde, visto o expediente "Instalacións eléctricas temporais para alumeados festivos das rúas, prazas e espazos públicos do Casco Histórico, do Ensanche e das parroquias de Santiago de Compostela durante as festas de nadal 2016", conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias asumidas por esta Alcaldía do 16/06/2015

EXPÓN:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I22F	<i>Expediente</i> CON/54/2016	<i>Fecha</i> 25-11-16 13:06

Primeiro: Con data 17 de novembro de 2016, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador ILUMINACIONES ARTISTICAS SALNES SL.

Segundo: Con data 24 de novembro, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa ILUMINACIONES ARTISTICAS SALNES SL (CIF: B94121217), por un importe de **37.500** euros (IVE aparte 21%: 7.875 euros), ó ser a súa a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Tamén compromete un incremento do número de elementos a instalar por importe de 16.460 euros IVE aparte, debendo verificarse en fase de execución tanto o seu cumprimento efectivo como o seu axuste á valoración económica realizada, especificamente no referido ós elementos denominados "fonte con iluminación" e "bolas tridimensionais de metacrilato".

Designase como responsable do contrato a D. Pedro Sánchez Mariño, enxeñeiro técnico municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **040 33800 20300**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2016: 37.597 euros.
Anualidade 2017: 7.778 euros."

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I22F	<i>Expediente</i> CON/54/2016	<i>Fecha</i> 25-11-16 13:06

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

Adxudicar o contrato de "Instalacións eléctricas temporais para alumeados festivos das rúas, prazas e espazos públicos do Casco Histórico, do Ensanche e das parroquias de Santiago de Compostela durante as festas de nadal 2016" a favor da empresa ILUMINACIONES ARTISTICAS SALNES SL (CIF: B94121217), por un importe de **37.500** euros, (IVE aparte 21%: 7.875 euros), ao ser a súa a oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Tamén compromete un incremento do número de elementos a instalar por importe de 16.460 euros IVE aparte, debendo verificarse en fase de execución tanto o seu cumprimento efectivo como o seu axuste á valoración económica realizada, especificamente no referido aos elementos denominados "fonte con iluminación" e "bolas tridimensionais de metacrilato".

Desígnase como responsable do contrato a D. Pedro Sánchez Mariño, enxeñeiro técnico municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **040 33800 20300**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercizos orzamentarios:

Anualidade 2016: 37.597 euros.

Anualidade 2017: 7.778 euros.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández

